

XIV CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN



Monte Pedroso
21 de abril de 2018



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo

1. ORGANIZA

Servizo de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar neste campionato todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador, sen límite ningún de idade) das universidades de A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

3. LUGAR

Monte Pedroso en Santiago de Compostela.


O Centro de Competición (secretaría, chegada e meta) estará no Parque da Granxa do Xesto. Coordenadas de acceso ao lugar: 42.894237, -8.558852. Non haberá sinalizacións para chegar.

Localización en google maps con este enlace:

[Granxa do Xesto](#)

Neste esquema pode verse a ubicación da secretaría e da presaída a onde se terán que desprazar todos os corredores cunha antelación mínima de cinco minutos.

Prégase non rebasar as cintas que delimitarán a zona de competición



O espazo destinado a aparcamento é reducido polo que compre aproveitalo ao máximo **segundo as indicacións do persoal da organización** que colaborará nesta tarefa.

Os microbuses terán un espazo reservado polo que se recomenda o emprego deste medio de transporte. No caso de desprazarse en autobús poñerse en contacto coa organización para xestionar a súa ubicación.

Modificación respecto do primeiro boletín: Non se poderá aparcarse na estrada de acceso -entre as dúas rotondas- en ningún dos dous sentidos para permitir a subida de microbuses e autobuses.

4. HORARIO

09:30 – Acreditación dos participantes.

10:30 – Saída dos primeiros corredores.

13:30 – Entrega de trofeos e clausura.

5. RECOLLIDA DE PINZAS ELECTRÓNICAS

O responsable da universidade recollerá en secretaría as pinzas electrónicas dos seus corredores e entregarállas segundo o listado elaborado ao efecto. Non haberá dorsais.

6. INSCRICIÓNS

A través dos servizos de deportes das respectivas universidades **antes das 14:00 horas do 15 de abril**.

As universidades de A Coruña e Vigo remitirán as súas inscricións ao Servizo de Deportes da Universidade de Santiago por correo electrónico a deporsec@usc.es antes das 14:00 horas do 17 de abril.

Serán os servizos de deportes das respectivas universidades os que verificarán a pertenza dos inscritos á súa comunidade universitaria.

7. CATEGORIAS E PERCORRIDOS

PERCORRIDO	CONTROIS	LONXITUDE (km)	DESNIVEL (m)
UNIVERSITARIO MULLERES	19	3,9	205
UNIVERSITARIO HOMES	24	4,5	180

8. CARTOGRAFÍA E TERREO

Mapa de escala 1/7500 con equidistancia de 5 m. Rexistrado na FEDO (C-1970-17) e revisado e actualizado ao ISOM 2017 en febreiro do 2018.

O terreo presenta moitas zonas abertas cunha extensa rede de camiños e pistas, un desnivel medio-alto con algunhas pendentes moi pronunciadas e zonas de moi diversa vexetación: áreas de repoboación con árbores autóctonas e piñeiros, bosques de acacias, pequenas carballeiras, piñeirais, zonas de lecer, ...






Nunha parte importante do mapa o chan está totalmente limpo debido a actuación levada a cabo recentemente polo equipo de parques e xardíns do Concello. Noutras zonas podemos atopar algunha vexetación rasteira (silva e toxo pequeno) que fai aconsellable a protección da parte inferior das pernas.

Nas zonas onde limpou o Concello quedaron a ras de chan os tocos das acacias que foron cortadas. É bo ir atento neses lugares para evitar tropezar con eles.

No terreo hai varios circuitos de descenso de bicicleta que están representados no mapa co símbolo de carreiro (código 508). Recoméndase ir atentos cando se crucen ou se utilicen.



9. REGULAMENTO

A proba será de tipo individual contrarreloxo e desenvolverase na modalidade de orientación en liña. O/A participante terá que pasar obrigatoriamente por todos os controis seguindo a orde numérica consecutiva marcada.

As normas aplicables a esta competición son as establecidas pola FEGADO para a XXVII Liga Galega de orientación a Pé do 2018.

10. SISTEMA DE CONTROL

Por medio de Pinza Electrónica Sportident. En caso de fallo do sistema Sportident o participante deberá marcar con pinza tradicional nas casiñas impresas no propio mapa para así certificar o paso polo control correspondente.

11. POSIBLES INCIDENCIAS DO SPORTIDENT

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident

- **Corredor que non limpa a súa tarxeta na saída.**
É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación sportident correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descualificado por **erro en tarxeta**.
- **Corredor que non descarga a súa tarxeta (pinza) sportident ao rematar.**
Todo corredor debe picar o punto meta (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estea previsto pola organización.

Aceptarase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata a hora de peche da meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados **fóra de control**.
- **Corredor ao que lle falta algún punto de control na tarxeta.**
Será automaticamente descualificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación ao introducirlle a pinza sportident.

Esta descualificación inclúe todas as posibilidades, excepto que se comprobe que o sistema fallou. Entón, a estación non dá luz nin son, polo que o corredor é responsable de detectalo, e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.
- **Corredor que entra en meta e non pica.**
Todo corredor que entre en meta e non pique o punto meta, pode volver a picalo. En cambio si deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non pode volver ao terreo.

RECORDATORIO:

- Limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída.
- Coidado con descualificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.
- Comprobar que o código da estación que “picamos” pertence ao noso percorrido porque pode haber balizas próximas.

- Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3, non se descualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc.
- É obrigatorio picar na estación de meta, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén “perdido” no monte.

12. CLASIFICACIÓN

Estableceranse dúas clasificacións individuais: homes e mulleres, e unha terceira por universidades, que resultará de sumar as seis mellores puntuacións de cada universidade (tres homes e tres mulleres).

As puntuacións de cada corredor virán dadas do seguinte xeito: o primeiro clasificado obtén 100 puntos; do segundo en adiante, dividírase o tempo do gañador (dividendo) entre o tempo do corredor en cuestión (divisor), e o cociente multiplicarase por 100.

13. PREMIOS

Entregaranse aos tres primeiros homes e máis ás tres primeiras mulleres, así como ás tres universidades.

14. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE

Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.

Todos os participantes están obrigados a pasar polo control de meta, aínda que non rematen o percorrido, e descargar a súa tarxeta no lugar que a organización ten disposto para elo, garantindo así que non quedou ninguén no monte.

Nas zonas de repoboación o chan é moi irregular debido a existencia de pequenos regos e buratos que se fixeron cando se plantaron as árbores e que moitas veces non se ven con claridade porque están tapados pola herba. É necesario extremar a precaución no desprazamento por estas zonas para evitar lesións.

No terreo hai varios **circuitos de descenso** en bicicleta de montaña que aparecen debuxados no mapa. Aínda que desde a organización poremos os medios para que durante a proba ningún ciclista os utilice haberá que ir atento se se cruzan ou se circula por algún deles.

Hai unha estrada que remata no cumio do Monte Pedroso con pouca circulación que pode ser atravesada por algún percorrido. En lugares estratéxicos situaremos sinais e persoal informando da existencia da carreira e pedindo precaución aos condutores que circulen por ela. De todos xeitos os corredores deberán ir atentos cando a utilicen.

Nas zonas que foron limpadas recentemente polo concello quedaron os tocos das acacias nos que se pode tropezar facilmente se non se vai atento.

Recoméndase levar protección contra vexetación rasteira, fundamentalmente toxos e silvas, que pode haber nalgunha zona da carreira.

Tamén se recomenda a utilización de calzado con bo “agarre” para non esvarar nas zonas de moita pendente.

15. COMITÉ DE COMPETICIÓN

O comité de competición estará formado por tres membros, un por cada universidade participante. As Universidades de Vigo e de A Coruña farán constar no formulario de inscrición a persoa que designan para formar parte deste Comité. O Comité de Competición resolverá as posibles reclamacións relativas ao regulamento aplicado segundo as súas normas e as normas vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para o deporte das carreiras de orientación.

16. ZONA PROHIBIDA

A partir da publicación deste boletín queda prohibido o acceso e adestramento a todos os participantes á zona de carreira que figura no seguinte mapa.



ORGANIZA:

Club USC – Servizo de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela.

Tfno: 881 81 50 76

orientacionusc@gmail.com



COLABORAN:



CABREIROÁ